



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

DECRETO Nº 238/2011

DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA

De conformidade coas atribucións conferidas no artigo 41.4 do RD 2568/1986, esta Alcaldía procede a convocar sesión ordinaria do Pleno a celebrar o día 7 de ABRIL de 2011, ás vinte e unha horas (21:00 h) no salón de sesións da Casa do Concello, en primeira convocatoria. No caso de non lograrse o quórum necesario, a sesión quedará convocada para a mesma hora do día seguinte. A orde do día é a que segue:

A) PARTE RESOLUTORIA.

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE FEBREIRO E 3 DE MARZO DE 2011.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA COA XUNTA DE GALICIA.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DE DATA 29-03-11, RELATIVO AO PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2009-2011; CONSONTE Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE DATA 29-03-11.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL DE DATA 28-03-11, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL XERAL DE PROCEDIMENTO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA ESTRADA E ANEXOS I, II E III.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POR “NOVA 2006, PROMOCIÓN E CONSTRUCIÓN, S.L.”, PARA CONQUERIR A ALIÑACIÓN DEFINITIVA DA 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE, DEFININDO ASÍ A ORDENACIÓN DA MAZÁ PECHADA FORMADA POLAS RÚAS BAIUCA, VARELA BUXÁ E 1ª TRAVESÍA FERNANDO CONDE (DOCUMENTO REFUNDIDO VISADO O 20-01-10).
6º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO, POLA QUE DEVOLVEU O DOCUMENTO DO PXOM APROBADO EN SESIÓN PLENARIA DO 03-02-11, ESIXINDO A A SÚA ADAPTACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO; A

	REMISIÓN DO DOCUMENTO CORRIXIDO COA PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL; A APROBACIÓN PROVISIONAL DO MESMO; E, A REMISIÓN DESE DOCUMENTO CO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO COMPLETO (INCLUÍNDO A TRAMITACIÓN AMBIENTAL); E DACIÓN DE CONTA DA CONTESTACIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Á DEVANDITA COMUNICACIÓN ASÍ COMO DA DISPOSICIÓN Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A MESMA.
--	--

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL.

7°.-	DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE FEBREIRO DE 2011.
8°.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A Estrada, 4 de abril de 2011

O ALCALDE ,

Visto,
A SECRETARIA,

Asdo.: José A. Dono López

Asdo.: Marta Cajide Barbeito